



## COMO ENGADIR LIBROS AO TEU PERFIL DOCENTE

### ÍNDICE DO MANUAL


- Engadir código de licenza
- Engadir libros do centro educativo
- Consultar o catálogo

### Engadir código de licenza

Se dispós de códigos de licenza novos, podes engadilos ao teu perfil en calquera momento. Para iso, accede a BlinkLearning e inicia sesión co teu usuario e contrasinal. Despois sitúate na sección **Contido**, no separador **OS MEUS CONTIDOS** e fai clic no botón  **Engadir código de licenza** da barra de navegación.



A continuación, introduce o **Código de licenza**, que deberá estar composto por un mínimo de 9 díxitos alfanuméricos e non debe estar activado con anterioridade. Por último, fai clic en **ENGADIR**.




## Engadir libros do teu centro educativo

Se o teu centro solicitou licenzas de profesores ás editoriais, poderalos atopar no separador de **CONTIDOS DO CENTRO EDUCATIVO**.

Podes utilizar o buscador para localizar o libro que necesitas. Se non o atopas, podes realizar a solicitude ao noso correo electrónico: [help@blinklearning.com](mailto:help@blinklearning.com)

Se aparece unha banda rosa que indica "Faltan códigos de licenza", deberás solicitar máis códigos de licenza á editorial para poder engadir ese libro.



A continuación, fai clic sobre a portada do libro que necesitas e selecciona **ENGADIR**. Automaticamente o libro quedará engadido no teu separador **OS MEUS CONTIDOS** para poder utilizalo.


✕ Biología e Xeoloxía




*É importante ter en conta que, para poder asignar un libro ás túas clases e compartilo cos teus estudantes, deberás ter ese libro no separador OS MEUS CONTIDOS do teu perfil e ter acceso correctamente. Do mesmo xeito, os estudantes deberán engadir os seus códigos de licenza nos seus perfís para acceder a ese libro.*

•• Consultar o catálogo

Podes consultar todos os libros dispoñibles en BlinkLearning dende a sección **Catálogo** do teu perfil. Poderás adquirir licenzas contactando coa editorial.



Facendo clic sobre a portada poderás ver o contido e os detalles do libro (contido, título, ISBN...).



Se os libros conteñen actividades Blink, poderás levar un seguimento dos exercicios que realizan os teus alumnos no separador de **Cualificacións**.

VÍDEO TUTORIAL

<https://youtu.be/VY9F2EXKIKQ>

Necesitas axuda?

Esríbenos a [clientes@grupoanaya.com](mailto:clientes@grupoanaya.com) coa túa consulta.